

Sr. Alcalde de Marín, autoridades, organizadores, veciños e veciñas

Con estas notas,
Quero desculpar a miña ausencia e agradecer o convite dos organizadores deste acto, como Director do Proxecto *Nomes e Voces* e tamén en nome da Universidade de Santiago, como Vicerreitor de Relacións Institucionais.

É unha honra para os que dende as tres universidades galegas traballamos neste equipo de investigación poder sentírmonos útiles na recuperación do noso pasado e comprobar como se aprecian os resultados do noso traballo. Para iso o facemos, para coñecer e para lembrar.

Este é un acto de xustiza tardía pero iso dálle aínda máis valor. Nunca é tarde para a dignidade, sempre é tempo para atender ao pasado oculto pero coñecido de todos e todas, para recoñecer a dignidade dos que foron fusilados e liquidados pólos golpistas de 1936. A inxustiza da súa masacre vese hoxe levemente compensada.

Matáronos para atemorizar aos demais e o medo que buscaba aquela represión foi tan grande e tan sostido pola Ditadura durante corenta anos, que obrigou a agochar os recordos das vítimas. O esquecemento público foi a norma pero o recordo privado e calado foi permanente ata hoxe. Por iso estamos aquí e por iso facemos este acto. Hoxe convertemos o recordo privado en lembranza pública e traemos a memoria dos paseados ao espazo público con esta homenaxe.

O Ano 2006, declarado ano da Memoria pólo Goberno Galego, baixou dos faiados os recordos e seguimos lembrando. E seguiremos. Eles e elas estarán sempre no noso recordo e da memoria pasarán á Historia.

Non fun hoxe a Marín -non puiden e síntoo ben- pero xa pasei o Mar, non son mariñeiro, nin sei navegar, pero nesta beiramar lembro tamén ao meu avó, mariñeiro doutro porto, o de Rinlo, aló no Cantábrico que si sabía navegar e iso salvoulle, como a tantos outros, a vida e levouno, como a tantos outros, ao outro lado do Océano. Vai tamén por el.

Parabéns póla iniciativa
Saúde e terra
Santiago, 19 de Decembro de 2008.